Acordo do 28 de setembro de 2026 do Departamento Territorial da Coruña, de redacción das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no concello de Bergondo (expediente IN407A 2026/068-1).

Logo de outorgarse a declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada LMT, CT e RBT no lugar de Raxás, no concello de Bergondo (expediente IN407A 2026/068-1), mediante a resolución deste departamento territorial do 15 de xuño de 2026 a favor da entidade beneficiaria UFD Distribución Electricidad, SA, con enderezo en avenida de Arteixo, 171, 15008 – A Coruña, este departamento territorial, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957,

ACORDA:

Sinalar o día 12 de novembro de 2026 para a redacción das actas previas á ocupación, nas que se describirán os bens ou dereitos expropiables e de imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, contidos na relación de fincas que se exporán xunto con este acordo no taboleiro de edictos do concello de Bergondo, deducida da que se someteu a información pública no DOG do 7.4.2026, no BOP do 23.3.2026 e no xornal *La Voz de Galicia* do 27.3.2026. A este acto deberán concorrer as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre os predios propostas como afectados, que serán notificadas individualmente e ás que se lles sinalarán os horarios de toma de datos sobre o terreo e posterior redacción das actas nas oficinas da casa consistorial do devandito concello.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre os predios afectados sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación, ou ben, logo de intentar esta, non se puidese efectuar, publicarase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único do *Boletín Oficial del Estado*.

A Coruña, 28 de setembro de 2026.

Isidoro Martinez Arca

Director Territorial da Coruña

Departamento Territorial
Edificio Administrativo de Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña
T. 34 981 184 902
cei.xtcoruna@xunta.gal
https://economia.xunta.gal

CVE: XGRE[illegible] Emitida: 29/09/2026 09:09:49
Asinado por: MARTINEZ ARCA ISIDORO - 33033945A
Cargo: Director/a territorial
Data e hora: 28/09/2026 14:29:37

As copias en papel deste documento terán condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: z3blGYs0GC8 https://sede.xunta.gal/cve